

Amigas e amigos.

Sr. Alcalde e membros da corporación de Oleiros.

Sra. Vicepresidenta da Deputación da Coruña.

Sras. Deputadas do Parlamento Galego e do Parlamento do Estado.

Autoridades representantes das institucións políticas sociais e culturais.

Querido Nacho Taibo e querida familia do noso escritor.

Celebramos hoxe nesta Illa acastelada de Santa Cruz a entrega desta Letra E de escritor na súa terra.

Aquí, onde o mundo se fai íntimo lugar do que partir á terra sempre incógnita que é toda obra creación literaria, e nos acolle o mar das Mariñas en inextinguible abrazo dende o que ollar as praias de Bastiagueiro e Santa Cristina, onde Nacho Taibo chegaba en barca dende a Coruña cando neno. Territorios da infancia do noso escritor; como nos di Ángel Valente, *«A infancia é ese tempo longo e interminábel que máis tarde descubrimos que representa toda a duración da nosa vida.»*

Neste lugar onde o mar se fai illa e a terra se fai illa, rocha deitada cal balea varada, aquí vimos recoñecer o escritor Nacho Taibo e, como pano de fondo, tamén na súa persoa a súa xeración por ter aberto camiños na narrativa galega cando, despois de morto o ditador, a Galiza enfrontaba o seu destino; tamén de se dotar dun sistema literario que dera continuidade a aqueles e aquelas que nos precederon e chantaron as pedras basilares do que hoxe cultural e literariamente somos.

A un tempo, o escritor Nacho Taibo estaba a nos dar os seus libros, a súa intensa obra literaria, implicábase e asumía como labor o de participar en dotar Galiza de organizacións culturais, como está asociación que hoxe vos convoca arredor da súa persoa.

Estes actos no fondo son un abrazo fraterno á súa persoa e un acto de recoñecemento e de afecto a un escritor e á súa obra, que devén nun acto de amor á nosa literatura.

Dende a da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega dicer que o seu tempo na directiva da AELG foi cualitativamente importante, porque daquela o que nacía con moito entusiasmo non sempre frutificaba, sobre de todo se nacía e definía o seu futuro sendo unha Asociación de decisións democráticas, non unipersoais, e que fose representativa de todos os escritores e escritoras da nosa Nación. Nese camiño andamos.

Nestas semanas lin a documentación que daba conta do colectivo que para chegar até aquí transitamos. Nestes próximos días fanse 38 anos da primeira directiva con Bernardino Graña como presidente e Nacho Taibo como tesoureiro, dando forma

a unha realidade complexa, como complexo foi o tempo do Congreso fundacional de Poio.

Restituírase aquela asociación de escritores que nacera en marzo do trinta e seis e da que daba fe Fernández del Riego. Era o tempo dos novísimos: falábase do despegue real da narrativa galega, falábase de que nacía ou renacía a narrativa galega, falábase do grupo de narradores que gañaran o Modesto Figueiredo. Era un país a se construír ilusionadamente, tamén dende a literatura.

Ao facer un moi breve percorrido polo seu tempo xeracional constatee que é o mesmo de moitos dos que hoxe o acompañamos neste acto de celebración. Lembrábo hai algúns días nos actos cheos de afecto e respecto a Nacho Taibo, no centro escolar que foi seu lugar de traballo como ensinante, o IES Neira Vilas deste concello de Oleiros. No encontro co alumnado de hoxe, cos compañeiros e compañeiras de claustro de onte e de hoxe. Déuselle o nome a unha aula do centro onde se imparte o noso idioma. A nosa gratitude á dirección do IES Neira Vilas e ao seu claustro, comezando pola escritora e profesora de galego Inma Otero Varela. Foron fermosos os actos e foi exemplarizante para os rapaces e rapazas, toda unha xeración, que aprenderon a difícil materia do valor do respecto a quen nos precederon e fixeron ben o seu traballo, froito da súa honestidade e do seu talento.

Isto fíxome lembrar que foron pasando as décadas, catro, nas que cumprimos anos, publicamos libros e mantivemos esa amizade que nace de compartirmos afectos e idearios, que é o que verdadeiramente permanece pois, como di o clásico oriental «*A amizade é un camiño no que non debe medrar a herba.*»

Coñecémonos en Madrid, cidade coa que os dous mantemos unha relación conflitiva, de distinta maneira, mais que coincide no que Nacho Taibo define no seu poema na pedra como sensación de desterro.

Madrid acollía facultades e escolas técnicas de enxeñaría que non existían aínda na Galiza, polo que tivemos o primeiro contacto naquel cosmos de pensamento político e de afectos que era a Facultade de Socioloxía e Ciencias Políticas, onde confluíamos todos e onde aprendíamos tamén o fermoso valor da fraternidade na defensa da idea dunha Galiza dona do seu futuro.

Nacho Taibo é dos escritores viaxeiros, coma moitos dos nosos clásicos, coma quen vos fala. De feito, fixemos unha viaxe a Italia, fundacional para min: Roma estaba cheiña de xentes da Polonia a celebrar o nomeamento de Wojtyła como papa. Nureyev despedíase das actuacións públicas na Area de Verona.

Neste día que celebramos a súa biografía, coa que partillamos o tempo histórico, a busca da beleza e da verdade: é importante sabermos que Nacho Taibo é da estirpe dos escritores cultos, e estou a falar dunha grande cultura non só literaria, estou a falar

tamén de saberes que non son froito da súa formación académica na enxeñaría naval e na socioloxía, que lle achegan coñecementos que enriquecen a súa escrita literaria.

O idioma é para Nacho Taibo unha ferramenta traballada coidadosamente para poder tecer e destecer na tensa e delicada pel da alma nosa, para poder labrar o eido da palabra que el talla coma o ourive.

Se facemos un percorrido polos seus libros e nos achegamos á súa obra, froito dos seus diversos saberes, creo que é un dos narradores galegos que mellor documenta as súas novelas, os seus relatos. Lémbreme a Flaubert cando na súa correspondencia con George Sand lle di que, para falar das árbores que aparecen en *Salambó*, tivo que ler un libro de catrocentos de páxinas.

Alégrame que novas autoras como Eva Moreda escriban que «*Como narrador ten unha visión complexa sobre as situacións que crea.*» ou como Dani Salgado na súa entrevista no *Sermos Galiza* a escrita de Taibo circulou sempre por vías alternativas, ou «*do seu continuo internamento en territorios por conquistar.*»

Dende aquel libro de contos *Os inmortais* (1975) até o seu *Os tres de nunca* (2017), non é sen por qué, creo, que Nacho Taibo retorne, na súa madurez creadora, a Castelao, a unha das pedras basilares da cultura galega e da conciencia política: Nacho Taibo sempre fixo pé nos nosos clásicos, e é coñecedor da nosa historia entroncada no devir da humanidade e noutras culturas.

O libro *Os inmortais* nace naquela efervescencia do final do franquismo no que íamos camiño da estrea dunha fraca autonomía e *Os tres de nunca* nace nestes tempos de abandono das responsabilidades estatutarias das institucións responsábeis da xestión autonómica da cultura, ou na programada regresión alarmante do número de galegofalantes, ou da ruptura na transmisión interxeneracional do idioma.

Na obra de Nacho Taibo escrita no sal do seu outono –que nos di no poema na pedra– busca a raíz, a cerna do que somos, para que non nos leve o vento deste tempo no que semella estamos a vivir as infinitas formas da utopía da comunicación total cando, en realidade, temos que nos defender de sermos figurantes mudos e obedientes dun novo universo de poder transnacional sen control democrático nin límites xurídicos ao seu poder.

A obra do noso autor acompaña a historia cultural e social e política do noso país. Constitúese no lugar habitado pola mao súa no que crea a necesaria biodiversidade literaria e tende un estrato que sedimenta na memoria colectiva.

Os libros de Nacho Taibo axudan a non caer nas trampas do banal en que veu a dar un imaxinario colectivo global que nos ofrecen un determinismo histórico paralizante, controlador da memoria, para que os galegos e galegas só teñamos

diante nosa un pasado inerte que nunca nos permita vivir con normalidade a propia cronoloxía da historia; é dicer, que cando volvamos a vista a atrás nos convertamos en estatuas de sal.

É por isto que lle agradecemos a Nacho Taibo o seu afán transgresor. O narrador como transformador do lector, como di Eva Moreda «*Un lector que estea á altura.*» «*A creación coma un acto de rebeldía.*», que nos di Antón Avilés de Taramancos. E, como el ben sabe, a transgresión non sae gratis, comporta incompreensión e soidades.

Mais hoxe o conxunto dos seus libros transcenden a suma de obras individuais, e crean o que é a *obra*, onde subxace a complexidade dun pensamento ético, estético e político, cos trazos distintivos da modernidade: manter a tensión necesaria entre as necesidades estéticas e as sociais.

É un escritor que, cando fai pé na historia, sedimenta a memoria para dar vida ao presente, e coa mao invisible do narrador crea personaxes, mostra seres humanos sobre o pano de fondo da historia de noso, aos que confire a súa experiencia literaria converténdoa en identidade colectiva.

Parafraseando o escritor palestino Edward Said, este labor de reconstrución dun pasado de noso é onde o escritor a escritora, son o pensador colectivo. Sendo a función do escritor presentar narracións alternativas da historia, utopías realistas. Historias que poñen en evidencia a multiplicidade e a complexidade da historia de cada pobo.

Os seus libros, no tempo no que os medios amplifican acriticamente e transmiten a millonarias audiencias a guerra como espectáculo para o consumo, a obra do noso escritor é a memoria antagonista de noso, que non permite que a conciencia mire cara a outro lado, o adormeza, para sermos caladas testemuñas da inhumanidade de darmos a esquecemento a Nosa Historia, o que suporía o abandono dos froitos da nosa cultura e do noso idioma que chegaron a nós avantando por riba dos séculos.

Parabéns querido escritor, parabéns querido amigo.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,
presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Castelo de Santa Cruz, Oleiros.
16 de xuño de 2018*